



A Estrada, II, 1, Arcos de Furcos, Virtudes 63 anos

CD 226, 3 - 4

Marzal 1979.

- | | | | |
|----------|-----|---|----------------------------------|
| II,1,95. | (3) | 1) /:Ai qué demo de paxaro
¿onde foi poñer o niño?:/
á carballeira do cura
alí naquel carballiño. | (1)
IV 27
IV 77
IV 238c |
| 122. | | 2) Ardelle' o eixo
ardelle' o carro
ardelle' o eixe
hai que mollarlo. 4,4,1,2 | (2)
I 127
I 215b |
| 129. | | 3) O paxaro cando chove.... | |
| 137. | | 4) Ardelle' o eixo,
ardelle' a borxa
mollóno río
pa que non fuxa. 4,4,1,2 | (2) |
| 142. | (3) | 5) Queridíña Vela, Vela, :/
/:faimo' a cama queridíña :/
que me quero deitar nela. | (2) 1142 |
| 151. | (4) | 6) O cura de Vigo é xastre,
o de María Mariñeiro :/
o de Lérez carterista,
o de Noia zapateiro. | (3) |
| 158. | | 7) Por debaixo da ponte
víronte pasar
as pernas, María,
2 veces /:viñas de lavar :/
a cara tamén
por debaixo da ponte
da vía do tren. | (3) |
| 165. | | 8) Apaga' o candil,
María chuschús,
apaga' o candil
que fai moitá luz. 4,4,1,2 | (4)
I 60 ³ |